

A PROSA ENTRE 1936 E 1975. OS RENOVADORES DA PROSA (FOLE, BLANCO AMOR, CUNQUEIRO e NEIRA VILAS)

As guerra civil (1936-39) e a posguerra provocaron máis dunha década de silencio na nosa literatura, que desprazou a súa escrita e publicación ao exilio americano, fundamentalmente a Buenos Aires. A recuperación da actividade literaria no interior será un proceso lento e gradual, no cal podemos salientar a **fundación da editorial Galaxia** (Vigo, 1950). Impulsada por antigos galeguistas, que renuncian á actividade política e deciden emprender unha liña exclusivamente culturalista, Galaxia nace como un proxecto para recuperar a expresión literaria en galego e para universalizar a cultura galega, seguindo a liña aberta polo Grupo Nós. Para isto levará a cabo iniciativas como a Revista Grial, a *Revista de Economía de Galicia* ou a colección Illa Nova, para novos autores.

A narrativa

A diferenza da poesía de posguerra, a narrativa non presenta unha clara sucesión de xeracións. Podemos, porén, falar de **liñas narrativas** que comezan a perfilarse nos anos 50:

- A continuación da tradición narrativa do Grupo Nós:
 - **Otero Pedrayo**, escritor lonxevo e prolífico, publica a colección de contos *Entre a vendima e a castañeira* (1957) e a novela *O señorito da Reboraina* (1960).
 - **Ricardo Carvalho Calero**, autor de *A xente da Barreira* (1950), primeira novela en galego da posguerra, que nos narra a degradación dunha familia fidalga desde os tempos da Restauración.
- O **realismo** abordado desde enfoques diferentes: popular, máxico ou social
 - **Ánxel Fole**, que cultiva un realismo popular, relacionado coa tradición do conto popular.
 - **Álvaro Cunqueiro**, que crea a liña narrativa do realismo máxico ou fantástico¹.
 - **Eduardo Blanco Amor**, representante dun realismo social centrado nas clases populares e nos ambientes urbanos.
 - **Xosé Neira Vilas** que, nos anos 60 e desde a América, cultiva tamén un realismo social, ambientado no mundo rural e na emigración.
- **A Nova Narrativa**, grupo de narradores que, a partir dos anos 60, rompen coa literatura anterior e buscan innovacións técnicas e temáticas.

Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986)

É un dos mestres da nosa narrativa breve. Despois de vivir os primeiros anos da posguerra nunha especie de “exilio interior” na montaña luguesa (O Incio, O Courel), irrompe no pobre panorama narrativo da posguerra co seu primeiro libro, *Á lus do candil* (1953), co que inicia o chamado realismo popular. Neste libro fai unha orixinal aproximación ao Courel en catorce relatos que mesturan humor, fantasía e misterio. A técnica narrativa que emprega, emparentada coa literatura popular, consiste no “encadramento de historias”: personaxes illados pola neve nas montañas do Courel, van contando historias a carón do lume. Fole recorre á mitoloxía popular (lendas de lobos, aparecidos, meigallos...), mais evita caer no costumismo. Outros títulos son ***Terra brava*** (1955), con relatos ambientados nas no Incio; ***Contos na néboa*** (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981), ambos de ambiente urbano.

Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981)

Autor dunha importante obra teatral, narrativa e poética (iniciada nas vangardas anteriores á Guerra Civil). Con ***Merlín e familia*** (1955) inaugura unha nova corrente narrativa, o realismo fantástico, co que non só elimina a barreira entre o real e o imaxinario, senón que tamén mestura o mundo popular con elementos cultos e míticos. Merlín, o gran mago da literatura artúrica medieval, vive na aldea luguesa de Miranda, e á súa casa van chegando personaxes que relatan a súa historia e pídenlle axuda. O fragmentarismo que produce a sucesión de dezasete historias independentes está compensado cun elemento que as une: a voz narradora de Felipe de Amancia, o criado de Merlín.

A súa obra narrativa conta con dúas novelas máis: *As crónicas do Sochantre* (1956), que narra as peripecias que vive un músico na súa viaxe pola Bretaña do séc. XVIII, acompañado de personaxes de ultratumba. E ***Se o vello Sinbad volvese ás illas*** (1961), onde recrea un mito da literatura oriental, o Simbad de *As mil e unha noites*, xa vello, fracasado e morriñento, que vai contando historias.


A súa produción narrativa complétase cunha triloxía de relatos curtos ou semblanzas, que reúnen unha ampla galería de retratos de tipos populares: *Escola de menciñeiros* (1960), *Xente de aquí e acolá* (1971) e ***Os outros feirantes*** (1979).

Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979)

¹ Esta corrente contou cun grande éxito na literatura hispanoamericana, con obras como *Cien años de soledad* (1967), de García Márquez. Cunqueiro foi claramente un precursor desta tendencia.

Poeta e dramaturgo, como narrador iniciou o realismo social na nosa literatura coa publicación de **A esmorga** (1959). Esta novela, que trata a realidade social galega dunha forma crítica e mesmo brutal, non puido pasar as “tesoiras” da censura franquista e tivo que ser publicada na Arxentina. Polo seu carácter anovador podemos considerala como o inicio da narrativa moderna galega, por tres razóns fundamentais:

- Na temática introduce o tema da degradación humana no contexto urbano e marxinal da cidade de Auria, un trasunto do seu Ourense natal. Nesta marxinalidade trátanse de esguello temas como o tratamento da muller ou a homosexualidade masculina.
- Na forma introduce unha orixinal técnica narrativa, denominada “técnica telefónica”, que lle serve para evitar o bilingüismo no texto e para situar en primeiro plano o relato do protagonista. Tamén emprega a técnica do manuscrito atopado.
- Na lingua salienta a hábil recreación do rexistro coloquial e o nivel vulgar da fala dun home do pobo.



Cibrán “o Castizo”, procura demostrar a súa inocencia perante un xuíz. El e os seus amigos Xoan Fariña “o Bocas e Eladio Vilarchao “o Milhomes” son tres personaxes do lumpen que percorren, durante vintecadro horas, ambientes marxinais da cidade de Auria (trasunto literario de Ourense) nunha xolda descontrolada que remata de xeito trágico.

Ambientadas tamén en Auria están as súas outras obras narrativas:


- *Os biosbardos* (1962), conxunto de sete relatos con protagonista infantil ou xuvenil, en que cada neno se enfronta a experiencias que destrúen a súa inxenuidade.
- *Xente ao lonxe* (1972), novela que, a través da crónica dunha familia ourensá, presenta unha visión crítica de diversos temas da sociedade galega de principios do século XX: o ensino, a situación da muller, o sexo, o mundo obreiro...

Xosé Neira Vilas (Vila de Cruces, 1928-2015)

Fillo de campesiños, emigrou moi novo á Arxentina, onde desenvolveu un importante labor arredor da recuperación da cultura galega; posteriormente, viviu en Cuba ata o seu regreso a Galicia na década de 1990.

A súa obra narrativa caracterízase pola constante presenza de dous mundos que el mesmo coñeceu e viviu: o mundo rural da posguerra e as experiencias da emigración, en ambientes urbanos da América.

A súa primeira obra é **Memorias dun neno labrego** (B. Aires, 1961), un dos libros máis lidos e traducidos da literatura galega, onde Balbino, o protagonista, nos achega á Galiza rural da posguerra. Esta obra complementábase con *Cartas a Lelo* (1971) e *Aqueles anos do Moncho* (1977); as tres constitúen o chamado “ciclo do neno”, un grupo de obras en que, mediante a ollada e as experiencias dun protagonista infantil, o autor reconstrúe a sociedade rural galega dos anos 30 e 40. Trátase dun mundo inxusto e duro (profundas desigualdades sociais, miseria, explotación dos máis humildes, caciquismo, difícil acceso á cultura, diglosia...) que ofrece como única saída a emigración.



Entre os seus moitos títulos, podemos sinalar un grupo de obras que tratan o tema da emigración (*Historias de emigrantes*, a novela *Remuíño de sombras...*) ou os dedicados ao público infantil (*O cabaliño de buxo*, *Espantallo amigo* e *Contos vellos para rapaces novos*, entre outros).

O ensaio

Despois do florecemento deste xénero no primeiro terzo do século (grazas ás Irmandades da Fala, o Seminario de Estudos Galegos e o Grupo Nós), a produción ensaística verase detida ata os anos 50. Será Galaxia, e moi especialmente a revista **Grial**, a que inicie a recuperación do ensaio: comézanse a publicar investigacións sobre diversos temas da realidade social e cultural do país, así como traducións de autores estranxeiros. Entre os primeiros ensaístas de Galaxia podemos salientar a:

- Ramón Piñeiro, promotor e director literario de Galaxia, no ensaio *Filosofía da saudade* reflexiona sobre os tres elementos que, segundo el, conforman identidade galega: a paisaxe, o humor e a saudade.
- Celestino Fernández de la Vega, autor tamén de ensaio filosófico: *O segredo do humor* (1963).
- Domingo García Sabell, médico que publica ensaios arredor da enfermidade e a morte.
- **Ricardo Carvalho Calero**, especializado en temas de literatura e lingua, publicou a decisiva **Historia da literatura galega contemporánea** (1963).

A partir dos anos 60, coa lenta apertura do réxime franquista, o noso ensaio será máis abundante e comezará a diversificarse tematicamente: economía, historia, literatura, sociolingüística, teoloxía...